



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE DE NOVEMBRO DE 2024, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CERNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE
	D ^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES
Secretaria	D ^a . MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte de novembro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia de D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de acta de sesión anterior (30/10/2024).

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada o día 30/10/2024 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do Partido Popular para condenar e rexeitar as accións militares do Estado de Israel tanto na Faixa de Gaza coma no resto dos territorios palestinos (Expediente núm. 2024/X006/000056)

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal Popular de Vedra para condenar as accións militares do Estado de Israel tanto na Faixa de Gaza coma no resto de territorios palestinos, na que se propón ao Pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Condenar e rexeitar as accións militares do Estado de Israel tanto na Faixa de Gaza como no resto de territorios palestinos, o que supón unha grave violación do dereito internacional e solicitar a detención inmediata das agresións e a total retirada das tropas de ocupación e das colonias ilegais na Palestina.

2.- Amosar o respecto pleno ao dereito de soberanía da Palestina e da súa integridade territorial.



3.- Manifestar a total solidariedade do Concello de Vedra con Palestina e co seu pobo, lamentado a perda de milleiros de vidas e transmitir o profundo pesar polo padecemento da súa poboación.

4.- Instar á Unión Europea a dar o apoio humanitario necesario ao pobo palestino, así como a intesificación da axuda humanitaria e de emerxencia.

5.- Instar a UE, ao Estado español e ao Goberno da Xunta de Galicia a coordinarse para acoller nas mellores condicións ás persoas refuxiadas e a comprometerse coa atención socio sanitaria das crianzas palestinas en grave situación de vulnerabilidade.

6.- Solicitar a UE un maior esforzo para impulsar unha desescalada da ocupación e da violencia a través de relación diplomáticas e do respecto do dereito internacional.

O Sr. Costa, do PP, expón que o texto da moción xa se presentara na ultima sesión plenaria como emenda á moción presentada polo BNG. Respectan a postura do BNG e as explicacións que deu no seu momento o seu voceiro.

Os acordos van na liña de condenar as accións militares do Estado de Israel; expresar a solidariedade con Palestina; reclamar das institucións o apoio para o pobo palestino e requirir das mesmas e da diplomacia unha solución definitiva ao conflito.

Solicita o apoio á moción.

O Sr. Pose, do BNG, di que o seu grupo vai apoiar a moción, pero aclara que a moción que presentou o seu grupo no pleno anterior, non era do BNG, era da Coordinadora Galega de Solidariedade con Palestina, e o BNG simplemente actuaba como representante de dita coordinadora.

Posta a votación a citada moción, apróbase por unanimidade.

3º.- Acordo, se procede, sobre adhesión á declaración institucional da Fegamp con motivo do 25N, día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres (Expediente núm. 2024/X006/000057)

Dáse conta da Declaración Institucional da Fegamp, aprobada pola Xunta de Voceiros en sesión ordinaria celebrada o día 12 de novembro de 2024, cuxo texto íntegro é o seguinte:

“Conmemoramos o Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, tendo coñecemento dunha nova muller asasinada pola súa exparella en Baiona. Condenamos este novo crime e queremos achegar o noso apoio e solidariedade á familia da vítima, ao tempo que confiamos en que o asasino sexa detido e xulgado o máis cedo posible.

Os concellos e as deputacións somos conscientes da urxencia para conseguir que a violencia que aínda sofren as mulleres polo feito de selo deixe de ser estrutural na nosa sociedade. Reafirmamos o noso compromiso para poñer fin á violencia contras as mulleres, sendo un obxectivo irrenunciable e prioritario.

Como parte activa da nosa sociedade compartimos este compromiso, como parte do esforzo colectivo imprescindible que ten que transformar as estruturas que seguen a manter o machismo e a desigualdade dende discursos e accións negacionistas. Desgraciadamente e a pesares dos avances, é evidente o moito que queda aínda por facer.



A condena da violencia machista en todas as súas manifestacións e o traballo colectivo na construción dun presente no que ningunha muller sexa vítima desta violencia teñen que reforzarse, dende o compromiso activo que poña fin a esas actitudes patriarcais.

1.284 mulleres asasinadas por homes que eran, ou foron, as súas parellas dende 2023. 40 mulleres asasinadas no que vaia do ano 2024. Máis de 95.000 denuncias presentadas por mulleres vítimas de violencia machista. Unha sociedade democrática e de dereito debe ser incompatible cunha situación de criminalidade constante contra as mulleres.

Violencia na que os homes non só acosan, feren ou matan a mulleres, violencia económica que priva ás mulleres da súa independencia económica ao ter que depender de quen as maltrata; violencia vicaria na que fillos e fillas tamén son vítimas para facer aínda máis dano ás súas nais; violencia dixital das ameazas, acoso e chantaxe virtual, ademais da cousificación das mulleres na pornografía, á que se ccede de xeito xeneralizado dende móbiles, tablets e ordenadores; prostitución pola que mulleres son obrigadas a ser escravas sexuais.

Non podemos obviar a violencia que padecen as mulleres de países en situacións de regresión cultural e social, nos que os integristas relixiosos ademais lles privan dos seus dereitos e liberdades fundamentais, como en Afganistán en que as mulleres están recluídas nas súas casas, sen acceso á educación, ao traballo nin a ningunha relación social. Tamén en sociedades occidentais as mulleres que deciden abortar son acosadas e criminalizadas por extremistas que din defender a vida.

Nin as situacións extremas de violencia que padecen as mulleres, en zonas de conflito armado, sendo obxecto de abusos, violacións e escravitude sexual con total impunidade. Estas atrocidades deben levarnos a reforzar a defensa dos dereitos humanos e a protección das vítimas, esixindo respecto, xustiza e reparación.

Por iso tamén temos que salientar a Directiva Europea sobre a loita contra a violencia contra as mulleres, que establece medidas para combater a violencia machista e a garantir o acceso á xustiza e á protección ás vítimas, obrigando aos estados membros a reforzar os servizos de atención e apoio, a que aseguren unha axeitada resposta penal tipificando novos delitos como o ciberacoso, e a que promovan a cooperación transfronteiriza para evitar desprotección. Urxe que se inicie a transposición desta Directiva ao noso ordenamento xurídico e normativo en reforzo da atención e a protección ás mulleres vítimas.

Todas as administracións, dende o Goberno de España, a Xunta de Galicia, os concellos e as deputacións, temos que seguir a promover avances na loita contra a violencia machista e a protección das vítimas, incidindo na prevención.

Dende a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) tamén reforzamos o noso compromiso de loita contra a violencia machista, promovendo máis coordinación entre as administracións para que as mulleres vítimas reciban a atención e apoio integral, especializado e que cubra todas as súas necesidades.

Dende o municipalismo galego facemos un chamamento para que se denuncien todas as formas de violencia contra as mulleres. Non pode haber máis silencios cómplices. Xa é tempo de que a vergoña, que ata agora recaía sobre as vítimas que sofren a violencia, cambien de bando e recaia sobre os agresores.”

A Presidencia di que é habitual que en temas importantes como este, a Fegamp, que é a federación que representa aos concellos galegos, é onde se chega a acordos neste tipo de declaracións e as accións que se levan a cabo, e por iso traen esta declaración ao pleno.



Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que van apoiar o texto da declaración. Cre que aínda queda moito por facer respecto deste tema. España é o segundo país onde máis cedo se accede á pornografía, o cal perturba a súa sexualidade futura e como ven ás mulleres. É un problema a atallar como os demais que se están a tratar.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo vai votar a favor.

Posta a votación a citada declaración institucional, apróbase por unanimidade.

4º.- Acordo, se procede, sobre adhesión á declaración institucional da Fegamp de solidariedade e apoio á veciñanza e aos concellos afectados pola Dina (Expediente 2024/X006/000058)

Dáse conta da Declaración Institucional da Fegamp, aprobada pola Xunta de Voceiros en sesión ordinaria celebrada o día 12 de novembro de 2024, cuxo texto íntegro é o seguinte:

“A consternación continúa nas entidades locais pola catástrofe provocada nas provincias de Albacete, Ciencia, Málaga e, sobre todo, Valencia, pola recente Depresión Illada en Niveis Altos –DINA (DANA en castelán). Os seus efectos arrasaron numerosas localidades, provocando unha situación de total de destrución.

A perda de vidas humanas como consecuencia das riadas está a supoñer unha traxedia inédita no noso país, superando amplamente as duascenas vítimas, e aínda poder ser máis xa que continúan desaparecidas decenas de persoas.

Fronte a esta inmensa situación de emerxencia, na primeira liña de intervención no rescate e auxilio das vítimas estiveron os servizos de protección civil e emerxencias, as forzas e corpos de seguridade do estado e os propios concellos afectados, como administración máis próxima, tentando evitar unha desgraza aínda maior. Inmediatamente, toda as administracións, dende o Goberno de España, Generalitat Valenciana, deputacións e concellos próximos interviñeron co obxectivo de atender e apoiar á veciñanza afectada nas situacións máis graves e, sobre todo, na busca das persoas desaparecidas.

Unha vez máis, hai que destacar o compromiso solidario e voluntario de todas as persoas que tamén, dende o primeiro momento, están a achegar a súa colaboración en todas as tarefas de limpeza e apoio á veciñanza afectada. Ten que ser un motivo de orgullo.

Dende que se tiveron as primeiras informacións da catástrofe, a Federación Galega de Municipios e Povincias (Fegamp) contactou coas federacións homólogas da Comunidade Valenciana e de Castilla La Mancha, para achegarlles a nosa solidariedade e poñernos á súa disposición no que puideramos colaborar. Ao mesmo tempo, contactouse coa Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) para coordinar a información e as comunicacións aos concellos e deputacións galegas sobre as necesidades de apoio que se estaban a solicitar dende as institucións e os concellos afectados.

Tamén en Galicia procedemos a coordinarnos coa Delegación do Goberno e co goberno da Xunta de Galicia, tendo solicitada a xuntanza de coordinación que finalmente se celebrou o pasado sábado 2 de novembro, no que se lle deu prioridade a recadar todo o apoio posible, tanto de persoal como de recursos materiais e loxísticos, dos concellos e deputacións con servizos de emerxencias e grupos de emerxencias supramunicipais (GES).

Paralelamente e dende o primeiro momento, os concellos e as deputacións galegas promoveron a recollida solidaria de alimentos, roupa, materiais de limpeza persoal e doméstica, cuxo envío ás zonas afectadas está tamén a ser coordinado, atendendo as indicacións recibidas principalmente dende a Federación Valenciana de Municipios y Provincias (FVMP).



A situación nos concellos afectados continúa sendo moi difícil, polo que resulta imprescindible continuar cos dispositivos de solidariedade coordinada nos que FEGAMP estamos a intervir, directamente coa FVMP, e en coordinación coa FEMP, coa Xunta de Galicia e coa Delegación do Goberno en Galicia. Deste xeito, o municipalismo galego vai manter o seu apoio aos concellos afectados e ás súas veciñanzas.

Dende a Comisión Executiva da FEGAMP quérese destacar a unidade de todos e todas diante desta catástrofe, avaliando o traballo dos servizos de Protección Civil e Emerxencias, das Forzas e Corpos de seguridade do Estado e da Unidade Militar de Emerxencias.

A FEGAMP tamén quere salientar o compromiso das persoas voluntarias desprazadas ata as zonas afectadas para axudar en todo o necesario, con especial mención ao persoal de emerxencias desprazado dende Galicia.

Por último a FEGAMP reitera a súa solidariedade e apoio ás familias das vítimas, ás persoas damnificadas e aos concellos afectados.”

Posta a votación a citada declaración institucional, apróbase por unanimidade.

5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a solicitarlle á Xunta de Galicia máis financiamento para as escolas infantís municipais e non primar as privadas sobre as públicas, a Presidencia contesta que niso están e que é un dos temas que están abordando dende a Fegamp.

2º.- Sobre os datos achegados sobre Carballo e San Sadurniño, di que son comentarios.

6º.- Rogos e preguntas.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Pregunta cando se vai abrir o local de San Mamede para o uso que se lle pretendía dar.

2º.- Respecto á escola de San Xián, pregunta cando se vai colocar o material do patio da escola.

-- Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Pregunta en que fase está a senda peonil que se ía facer en Outeiro (Vilanova) e a pista de Sobredo en Vilanova.

2º.- Pregunta cando está previsto que se faga o arranxo da pista dos muíños de Raxoi, que parece ser que se vai facer con medios propios.

3º.- Respecto ás pistas de monte que quedaron sen limpar o ano pasado, pregunta se van quedar así ata o ano que vén ou as van limpar.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas.